

CADRO DE BAREMO

1.- SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR	PUNTOS
Por cada persoa que forma a unidade familiar , tal como resulta definida na Lei do Imposto da Renda das persoas físicas.(Lei 35/2006 do 28 de novembro, art.82 e art.83)	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta. (Para efectos deste baremo están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, e estean tuteladas por un dos cónxuxes.)	1
Por cada descendente que non forme parte da unidade familiar actual pero que un ou os dous proxenitores contribúan economicamente ao seu sustento.	1
No caso de separación legal e custodia atribuída ao proxenitor solicitante que forma unidade familiar co menor para o que se solicita praza	3
No caso de que a nena ou neno para quen se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade , dependencia ou enfermidade que requira internamento periódico	2
Pola condición de familia monoparental (conforme ao establecido no art.13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia)	3
Por ausencia do fogar familiar da nai ou do pai por causas penais	3
Pola condición de familia numerosa (A integrada por un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns e, demais supostos recollidos no art.2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás familias numerosas. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título establecido ao efecto)	3
Cando a persoa solicitante sexa deportista de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, ou teña a condición de entrenadora, técnica, xuíz/a ou árbitro/a de alto	1

nivel deportivo recoñecido pola Comunidade Autónoma de Galicia		
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas		3
2.- SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR Só se poderá obter puntuación por un dos 3 epígrafes seguintes:		PUNTOS
Situación laboral de ocupación: - No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous. - Equipáranse a esta situación aquelas excedencias cuxa data de incorporación sexa anterior ao 1 de setembro do ano en curso así como a situación de estudante de estudos regrados no momento da solicitude de praza que estean debidamente acreditadas	Nai	8
	Pai	8
Situación laboral de desemprego: - No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous. (Valorarase tal condición de demandante de emprego na data de fin de prazo de presentación de solicitudes das convocatorias ordinaria ou extraordinaria).	Nai	2
	Pai	2
- Percepción de tramo de inserción (RISGA ou IMV)	Nai	3
	Pai	3
3.- SITUACIÓN ECONÓMICA		VALORACIÓN
(RPC ¹ anual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples-IPREM ²):		
Inferior ao 30% do IPREM (menor ou igual a 2.160,00€)		+4 Puntos
Entre o 30% e o 50 % do IPREM (de 2.160,01 a 3.600,00€)		+3 Puntos
Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM (de 3.600,01 a 5.400,00€)		+ 2 Puntos
Entre o 75% e o 100% do IPREM (de 5.400,01 a 7.200,00€)		+1 Puntos
Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM (de 7.200,01 a 9.000,00€)		-1 Puntos

Entre o 125% e o 150% do IPREM (de 9.000,01 a 10.800,00€)	-2 Puntos
Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM (de 10.800,01 a 14.400,00€)	-3 Puntos
Igual ou superior ao 200% do IPREM (máis de 14.400,01€)	-4 Puntos

1. Cálculo RPC: Suma dos apartados 435 e 460 da declaración da renda do último exercicio de ámbolos dous proxenitores, dividido entre o número de membros da unidade familiar

2. **Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM)** 2026: 7200,00€/anuais (12 pagas)

No caso de **familias monoparentais**, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar a efectos do cálculo económico.

No caso de obtención de 3 puntos por familia monoparental non se puntuará a situación de separación legal e custodia atribuída ao proxenitor solicitante que forma unidade familiar co menor para o que se solicita praza.

Os **menores de 16 anos** non poderán ser solicitantes de prazas nas escolas, facéndose cargo da solicitude de praza os proxenitores destes, ou persoas que exerzan a súa representación legal ou tutoría. A efectos de aplicación do baremo respecto da situación económica familiar, serán computados os ingresos da unidade familiar da persoa solicitante segundo o establecido pola Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio.